

# Laudatio a Luis García Montero

---

**Dolores Vilavedra**  
**Medallas Consello da Cultura Galega 2022**

Santiago de Compostela a 20 do 5 de 2022

Filólogo de formación e de corazón, o granadino Luis García Montero é tamén (sobre todo?) coñecido como poeta. Luis descubre a poesía sendo adolescente nas lecturas de Machado e de Federico García Lorca, un Lorca que seu pai atesouraba na biblioteca familiar (onde gardaba as súas obras completas) e que daquela ‘deslumbrou’ (cito textualmente) a un adolescente que se converteu en visitante asiduo da Huerta de San Vicente, a vivenda estival da familia de Federico, a quen aquel rapaz tomou como modelo para escribir os seus poemas primeirizos de formación. Para Luis (e isto viviuno –conta el– como unha revelación), nese momento “dedicarme a la poesía era también dedicarme a reconstruir la ciudad que había sido derrotada por la Guerra Civil”. Dende entón, entre ambos os poetas establécese un vencello profundísimo: tanto é así que eu sospeito que, dos innumerables premios que Luis García Montero recibiu ao longo da súa vida (e dos que lle quedan por recibir!), ocupa un espazo privilexiado no seu corazón o García Lorca, que lle foi concedido en 2008. Antes dese, o Adonais, o Loewe ou o Nacional de Poesía recoñeceran xa a súa voz poética, unha voz que empezamos a escoitar a comezos dos 80, primeiro xunto coa doutros rapaces –novos, coma el– que na Granada deses anos, e inspirándose nas reflexións de Juan de Mairena (Machado de novo), se afanaban sobre todo en explorar a dimensión histórica da literatura, nun momento en que o que predominaba nas líricas peninsulares –tamén na galega– era a preocupación pola ruptura e a renovación formal. A proposta poética do grupo etiquetouse como ‘outra ou nova sentimentalidade’ xustamente porque entendía esta –os sentimentos– como unha construción histórica; desta convicción deduciase unha urxencia: a de que, para cambiar a literatura, era preciso mudar primeiro a maneira de entender e de sentir –por exemplo– o amor. Por certo, que precursores eses rapaces que tan ben souberon intuír algo que ultimamente nos fixeron ver as diferentes teorías das emocións: que estas son un elemento psicolóxico pero, aínda máis, un produto cultural e social.

Así, Luis escolle a figuración realista como un xeito de artellar unha poesía achegada á experiencia do cotiá mais sen renunciar a facer seu o legado dunha vangarda que terá en Alberti e Lorca os seus puntos de converxencia; eles son, dalgún xeito, os alicerces sobre os que o poeta irá soerguendo, paseniño, o seu lugar poético: ese “lugar de conjurados, las palabras”, como el diría.

Esta escolla digamos estética non é incompatible co feito de que Luis García Montero entenda a escritura como interpelación (en feliz definición de quen é unha das grandes especialistas na súa obra, Laura Scarano), comprometido co día a día que reivindica o dereito a sermos suxeitos da historia e a necesidade de refundarmos os nosos vínculos sociais para atopar un sentido ao noso existir.

Neste cotiá (permítanme a ousadía de anosar agora as súas palabras), “a literatura non pode esquecer que nunca está soa na casa, non pode esquecer a súa historicidade radical: a casa é sempre a rúa”: seguramente esta é a gran lección que Luis aprendeu de quen foi o seu mestre

.....



**Consello da Cultura Galega. Medios**  
Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela  
Tel: +34 981957202. [medios@consellodacultura.gal](mailto:medios@consellodacultura.gal)  
[Instagram](#) | [Facebook](#) | [Twitter](#)

## Laudatio

---

da vida e da literatura, e guía nas angueiras académicas, Juan Carlos Rodríguez, cuxa memoria queremos tamén convocar hoxe aquí, como a de quen foi un gran amigo seu, o poeta galego Ramiro Fonte, a quen Luis lle prologou, en 1990, unha *Escolma poética*, publicada na colección Maillot Amarillo da Deputación de Granada, colección que o propio Luis orientaba daquela. E a Ramiro tamén lle dedicou o poema “Fotografías veladas da chuvia”, que se recolle en *Habitaciones separadas*. Neste recordar os seres queridos que nos faltan emocionáanos pensar na muller que lle ensinou a Luis (e a nós, por obra e grazas dos seus poemas) que “o amor non sabe discutir mentres discute, e perde os paraugas nos días de chuvia”, ese amor “que acontece como un disparo de gracia”. Beizón á memoria de Almudena Grandes, que evocamos cuns versos de Luis, traducidos por Isaac Xubín: “que arda a lembranza nunha aperta como tempo caído ao xirar sobor do tempo” (do poema “A lexitimidade do sol nevado”).

Porque Luis García Montero non só se interesa pola poesía galega senón que tamén quere falar no noso idioma e así, en 2018, a editorial Tulipa publicou (traducidos por Isaac Xubín) 50 poemas agrupados baixo o título “O dono do derradeiro minuto”, un verso no que o poeta evoca a súa máxima ambición nesta vida: “ser o dono do derradeiro minuto / do minuto que falta para dicir que si, / para dicir que non, / para chegar despois ao outro lado / de todo o que afirmo e o que nego”. E as súas *Lecciones de poesía para niños inquietos*, publicadas orixinalmente en 1999, apareceron en versión galega de Luciano Rodríguez en 2020 nunha fermosísima edición titulada *Leccións de poesía para nenas e nenos inquietos*. Neste caso, cómpre salientar o esforzo feito por ofrecer todo o aparato de citas e exemplos que nesta obra se manexan con referencias de voces galegas, de Rosalía a Xulio Valcárcel, pasando por Cabanillas, Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño ou Celso Emilio Ferreiro.

A vida e a obra de Luis García Montero non se poden entender sen a palabra COMPROMISO. Así, se na actualidade Luis colabora no dixital *Infolibre*, a súa presenza neste medio debe valorarse non só pero tamén como unha mostra explícita do seu compromiso coa liberdade de expresión, e coa defensa da independencia e da honestidade do labor comunicativo e informativo. O seu xeito de entender o compromiso político e a militancia levou a Luis a aceptar ir na lista de Izquierda Unida ás eleccións europeas de 2004 ou a encabezar, en 2015, a candidatura desta mesma formación á Comunidade de Madrid. Con igual valentía, en 2018 daba un paso adiante na política institucional e asumía a dirección do Instituto Cervantes.

A relación entre o Instituto Cervantes é o CCG xa vén de vello: en 2010, sendo directora daquel Carmen Caffarell, ambas as institucións asinaron un primeiro protocolo de colaboración, ao abeiro do cal puidemos levar a nosa exposición *Os adeuses* ao Brasil, en concreto ás cidades de São Paulo, Río de Xaneiro, Brasilia, Curitiba, Belo Horizonte, Manaus, Pernambuco e Salvador de Baía, e tamén a exposición *Outros verbos, novas lecturas: Valle-Inclán traducido* a Roma e Lisboa. O Cervantes ocupouse sempre de acollelas nas súas instalacións ou ben, cando non dispuña de instalacións propias (como aconteceu nalgunha das cidades do Brasil), exerceu como eficazísimo embaixador da nosa cultura para conseguirmos outros espazos en que facelas visibles coa dignidade que merecen. Beizón aos funcionarios e funcionarias que tanta axuda nos prestaron e nos prestan sempre.

Por certo que, nese marco de colaboración institucional, en 2013 o Consello da Cultura Galega e a Xunta de Galicia celebraron, na madrileña sede do Cervantes, o 150 aniversario da publicación dos *Cantares gallegos* rosalianos. No ciclo de conferencias conmemorativas, Luis disertou sobre “Rosalía de Castro e a poesía española contemporánea”. Unha Rosalía que el considera “una de las poetas que más me ha formado” e a quen reivindica non só como mestra senón tamén como precursora.

## Laudatio

---

A chegada de Luis á dirección do Instituto deulle un pulo notable ao vencello xa existente entre ambas as institucións, a partir de entón reforzado por un novo marco de colaboración entre as catro linguas oficiais do Estado español que callou na sinatura, o 26 de maio de 2020, do primeiro acordo de colaboración entre o Cervantes, o Institut Ramon Llull, o Etxepare Euskal Institutua e o Consello da Cultura Galega. O acordo materializaba a firme convicción de quen nese momento ocupaba a dirección do Instituto –Luis García Montero– de que unha das riquezas do Estado español é dispor de catro linguas propias, que son expresión de diferentes culturas, e de que é responsabilidade do Instituto promovelas e espallalas. Dende entón, o seu compromiso –e o da institución que dirixe– con este principio é indesmaiabile e, polo que ao galego e ao Consello se refire, materializouse en reiteradas ocasións: velaí –por exemplo– o apoio prestado en Nova York para desenvolver un amplo abano de actividades arredor da exposición Os adeuses, instalada en xaneiro e febreiro de 2019 no Museo da emigración de Ellis Island: a hospitalidade do Instituto permitiunos organizar un ciclo de novo cinema galego ou discutir co público neiorquino cuestións como a xestión da memoria histórica por parte da sociedade galega ou o papel da emigración na configuración histórica da nosa identidade colectiva.

Tamén nesta nova etapa se puideron escoitar voces galegas nos actos de conmemoración do Día Europeo das Linguas promovidos polo Instituto en Berlín no ano 2020 ou en Nápoles no 2021. E en setembro do 2021, cando o Parlamento español acolleu o acto conmemorativo do 30 aniversario do Cervantes, os versos galegos do poema “Irmaus” de Celso Emilio Ferreiro soaron na Cámara, na voz dunha deputada, igual que se escoitaron voces poéticas en catalán, éuscaro, castelán ou asturiano, nunha polifonía que é a voz en que fala a diversidade e que é a única arma que pode derrubar fronteiras.

Prezado Luis: por todo isto, pola túa firmeza no recoñecemento da nosa lingua e da nosa cultura, e de todas e cada unha das linguas en que os seres humanos defenden os seus dereitos, e polos valores que esa firmeza implica de compromiso coa diversidade e de solidariedade con quen habita as marxes, sexan persoas ou culturas, o Consello da Cultura Galega ten a honra de concederche a súa medalla.